



ANÁLISE DUNHA DAS FIGURAS FEMININAS NUN RELATO BREVE DE MÉNDEZ FERRÍN: *MANTIS RELIGIOSA*

María Carreira López
Universitat de Barcelona

Un apunte sobre Méndez Ferrín e a súa obra

Xosé Luís Méndez Ferrín (Ourense, 1938) é hoxe unha figura ineludible ó falar de literatura en galego. Goza en Galicia —e fóra dela— dunha cohorte de lectores ávidos da súa especial e agudísima visión do mundo e da literatura. Poderíamos dicir que cada obra deste autor é autónoma e, ó mesmo tempo, cada obra constitúese nunha parte dunha sorte de “macrotexto” do que reciprocamente se realimenta. Como outros grandes escritores, Ferrín crea un mundo propio e sincrético, no que cristaliza a tradición europea (sobre todo, a Materia de Bretaña e a tradición clásica) con novas tendencias estéticas e literarias. O conto que nos ocupa aparece no primeiro libro de relatos publicado por este autor, *Percival e outras historias*, en 1958.

Sinálanse normalmente dúas grandes liñas na obra de Ferrín.

Unha delas presenta un evidente anxeio de innovación nas técnicas literarias. Neste corte experimental inclúense obras como *Arrabaldo do norte* (1964), creación que realiza o autor partindo das bases técnicas do *nouveau roman*; ou o poemario *Con pólvora e magnolias* (1976) que, como afirma Carmen Blanco, está caracterizado “pola asunción dunha estética veneciana ó estilo de Cunqueiro ou Gimferrer, dentro da súa poética beat, combativa e nostálgica” (Blanco 1993: 35) e que marca un punto de inflexión na poesía galega do século XX.

Por outra banda existe na súa obra unha revisión constante da transformación da Historia e das forzas que a poden realizar. Na súa obra o estático asóciase ó inerte, á morte. A vida é acción (rápida ou lenta), pero inexorablemente mutable, cambiante. A constante revisión do motor desta transformación histórica podemos detectala en toda a súa produción, aínda que se nos presenta como tema central en *Retorno a Tagen Ata* (1971), *Elipsis e outras sombras* (1974) e *Crónica de nós* (1980). Quen leu a Ferrín sabe que na súa obra ten un peso específico moi importante o nacionalismo, a construción

dunha Galicia máis cercana ós seus desexos, en resumo, a construción dunha identidade nacional renovada.

Respecto ós temas que vertebran a obra ferriniana hai un parágrafo de gran interese no artigo de Carmen Blanco:

Con anterioridade tiñanse establecido distintas etapas no discorrer narrativo do autor. De feito, case desde os mesmos comezos da súa traxectoria literaria, Ramón Piñeiro fixo unha caracterización filosófica da súa obra, distinguindo nela dúas correntes: unha primeira centrada na imaxinación e na fantasía, que exploraba a espiritualidade humana e se plasmaba en *Percival*; e outra segunda centrada na vida instintiva, que recollía o máis abisal do ser humano e que se manifestaba en *O crepúsculo e as formigas*. Mais Piñeiro tamén anunciaba, cun suave ton preceptivo, a inminencia doutra terceira máis complexa e completa, síntese das anteriores, que abranguería a totalidade humana e que, sen dúbida, afirmamos nós, o escritor afrontou no groso da súa obra posterior pero que está tamén presente nos comezos. (Blanco 1993: 31)

Análise de *Mantis religiosa*: unha versión de *A metamorfose*

En *Percival e outras historias* hai que destacar a presenza do onírico en case tódolos contos: dende as inquedaes transformacións como a do relato que nos ocupa, ó desacougo que provoca o estado entre a realidade e o soño do relato “O Suso”, o titulado “A cancela” ou calquera das situacións de fantasías medievais do propio Percival. Esta singularidade, que vai caracterizar a narrativa breve ferriniana, atopámola dunha maneira especialmente destacada nos contos da primeira época, se cadra de corte máis achegado ó surrealismo. É neste ambiente onde irrompen personaxes ou situacións a primeira vista inverosímiles, como, efectivamente, o é a aparición no terrado dunha muller-mantis. Así o conta o doutor Orl, na hora da sesta: “Estaba eu aquí, nesta mesa; lía unha revista e tiña sono; faguía unha calor espantosa, eran as catro ou catro e meia da tarde. Eu xa comezaba a me quedar durmido cando Bei entrou de súpeto na habitación...” (páx. 88).

Méndez Ferrín artella neste conto unha estraña evolución de insecto a muller. Con claras reminiscencias de *A metamorfose*, semella que estea a facer unha revisión ou subversión do relato xa mítico, adaptando os sucesos a outra mensaxe. Mentres que no conto kafkiano un home, Gregorio Samsa, se transforma nun escaravello, se é que antes da transformación non o era xa (figura arrastrada, provoca noxo), froito, quizais, dun tipo de carácter conformista cos xefes e submiso coa familia; no relato de Ferrín é unha mantis relixiosa (figura ergueita, provoca medo) a que se converte en muller, posiblemente impelida por esa vontade de superación que cita o doutor Orl ó final do conto. Aínda que carente de calquera lóxica, a metamorfose de Samsa vese no relato, non así a da mantis: ninguén sabe de onde saíu. É posible que ambas transformacións non sexan, senón, puramente ilustracións do verdadeiro.

Igual que na novela de Franz Kafka, son cinco os personaxes que poderíamos considerar activos aínda que no caso do conto de Ferrín non hai

relacións de parentesco co monstro. No relato kafkiano podemos contar co pai, a nai, a irmá, o xefe e o propio Samsa (mailos hóspedes). Els Bri, Dr. Orl e o seu colega psiquiatra, o mordomo e a mantis (mailos enfermeiros) son o elenco que compón o conto de Ferrín.

A maior parte do conto de Kafka nárrese dende a perspectiva de Gregorio Samsa, aínda que poidamos ver escenas que non pertencen exactamente á visión de Gregorio, o que magnifica esa sensación morbosa e claustrofóbica que destila xa *per se* o argumento do relato; o lector ten presente que Samsa é un ser humano e que os seus sentimentos son totalmente humanos; de feito é o único personaxe que presenta trazos de verdadeira humanidade.

Ferrín fainos observar dende una perspectiva de entomólogo (fría, científica, carente de toda emoción) un feito que non só resulta sorprendente, senón que afecta directamente ós personaxes: o monstro cómelles o can e ameaza con agredir ó mordomo. Ademais o monstro non actúa humanamente por unha razón: non é humano ou nada indica que o sexa, nen sequera fala (o que sería un trazo de humanización); o lector, entón, non comprende á muller-mantis, non hai compaixón nin empatía.

Mentres *A metamorfose* remata coa morte de Gregorio e os personaxes quedan liberados da carga que supoñía para eles, e volven vivir no seu mundo que agora xa sabemos falso e sen amor; na historia da muller-mantis esta acaba ingresada nun psiquiátrico e os personaxes seguen a reflexionar sobre a súa existencia.

Presentación: aparición do monstro

No relato de Ferrín, non se menciona que o monstro chegue de ningures, simplemente, “aparece”, igual que puidera ocorrer cunha aparición dunha fantasma ou dunha virxe. O lugar onde se materializa é o terrado da casa. Sobre o espazo hai que salientar a contraposición que se nos presenta: no despacho do Dr. Orl os insectos están mortos; no terrado están as mantis nas gaiolas e é onde aparece a muller-mantis. As ubicacións relacionadas tradicionalmente co feminino soen ser ou ben lugares subacuáticos ou ben subterráneos. Este ser aparece, como dixemos, nun terrado, non só na superficie, senón máis arriba aínda: claramente nun espazo asociado inconscientemente á masculinidade: no cristianismo as virxes negras están asociadas á terra fértil (o humus na alquimia) e son unha reminiscencia dunha proto-Isis e nas lendas sóense atopar enterradas ou nunha cova (Montserrat e Covadonga son exemplos ideais) e simbolizaban a xestación; por outra banda, os seres elementais de auga soen ser de sexo feminino como a Navia celta e normalmente viven dentro dos ríos ou dos mares (sereas e ondinas) e simbolizaban a fecundación. Pero este non é o único trazo subvertido que vai caracteriza-la muller-mantis, pois amosa estar especialmente preparada para unha loita violenta, rol que tradicionalmente se asocia ó home.

Pode ser esta unha presentación doutro arquetipo feminino: igual que Afrodita (que nace da escuma do mar e do semen de Urano) ou Atenea (que nace da cabeza de Zeus) e, xa na inevitable tradición xudeo-cristiá a non

menos importante figura de Eva carece de receptáculo materno; digamos que tamén “aparece”. Non debemos permanecer alleos ás reverberacións que na obra de Ferrín hai da cultura clásica, aínda que cunha variación respecto das que citamos: aínda que coincide con estas na ausencia dunha nai, as citadas debían a súa existencia a un ser masculino que se apropiaba do papel de xerador da vida (fora Urano, Zeus ou Adán); no nacemento da muller-mantis non hai a quen lle atribuí-lo mérito da súa xénese. Estas aparicións de seres estraños, monstruosos ou anormais son o preludio e a explicación de cambios importantes no sistema en que se producen.

O Dr. Orl (é dicir, o científico, a “institución”) explica así este acontecemento: “A natureza é un misterio. Eu son evolucionista e sei que o home ascendeu á súa outa postura dende estados máis baixos aínda que o dos insectos... Imaxínate unha barbantesa de vontade de superación extraordinaria que se fixera muller..., que dun paso evolucionara a muller” (páx. 90-91).

Descrición: fisonomía do monstro

Respecto á fisonomía da muller-mantis, ábrese a descrición dicindo que non é unha muller como as demais. Alta e delgadísima. Ollos redondos e grandes. Rosto triangular, brazos longos. Co principio da descrición que nos fai Ferrín, por boca de Bei, responde a un prototipo de muller atractiva segundo o canon de beleza feminina en Occidente, e así, ningún trazo denota nada negativo. O primeiro que se describe como anormal son unhas mans longas (nada que obxectar, mesmo sóenos parecer fermoso segundo o prototipo masculino occidental de beleza feminina), tanto como o antebrazo (o que xa é unha deformidade importante) cunhas unllas longuísimas, que máis adiante definirá como “de ferro”; o monstro asoma aquí cunha túnica verde en posición de orar. O lector, logo de ver o comportamento do insecto descrito previamente, xa intúe o comportamento que vai ter esta muller, aínda que o criado se aproxima confiado co fin de lle preguntar que fai alí. É nese intre cando ergue a cabeza, tremando e amosa uns dentiños afiados e comeza a zoar “coma unha serpe” (páx. 89), debuxando no ar un xesto horrible. Non se volta dicir nada máis dela; agás no episodio co enfermeiro, onde case o devora; este detalle e o inicial achegamento do criado, poderían ser probas de que a súa aparencia, a primeira vista non é arrepiante e, ó revés do que soe ocorrer cos monstros, que soen ser espantosos, o que a fai perigosa sería o feito de non espertar desconfianza.

A maior parte dos monstros presentan unha parte parahumana, aínda que soen distinguirse dos homes por algunha característica peculiar, neste caso as mans deformes e a ausencia de voz.

Comportamento da muller-mantis: unha mirada á antropofaxia

En parte humano e en parte animal, o monstro vén sendo usado tanto na literatura coma no cine en dous sentidos principais: un, como instrumento

de reflexión sobre a “normalidade” que o envolta e onde xorde; e dous, como metáfora da continua evolución na natureza. ¿Que é este ser, senón unha variación do tradicional ogro? No *Diccionario ilustrado de los monstruos*, Massimo Izzi asegura que é este, o ogro, nas súas orixes unha personificación da morte (Izzi 2000: 364). Porén, Ferrín preséntanos un evolucionado exemplar híbrido de muller-mantis que máis que co ogro dos contos infantís, antes entronca co famoso mito surrealista da *vagina dentata*, xa que aparece asociado o seu comportamento coa conducta sexual.

Dun xeito moi suxerente podemos ler no ensaio de Shlain, titulado *El alfabeto contra la diosa* unha interesantísima relación desta *vagina dentata* co alfabeto; cito un anaco traducido por min:

Os humanos teñen 28 dentes, máis catro moas do xuízo que saen posteriormente. Hai aproximadamente as mesmas letras en calquera dos alfabetos existentes. Unha liña de soldados desfilando, unha fila de dentes perfectamente aliñados e as letras nidiamente dispostas nunha páxina parécense tanto entre si que nos nosos mitos e soños están relacionadas.

Simbolicamente falando, as letras desempeñan a mesma función cós dentes. A escritura pode despedazar a totalidade da natureza en pequenas dentadas. Os científicos utilizan as palabras para disecar e dixeri-lo Universo. Os avogados e os xuíces afían as palabras para cortar minúsculas peculiaridades da lei. A proliferación da lei, a ciencia e a investigación filosófica en Occidente ten os seus alicerces no poder de incisión do alfabeto. Os incisivos realizan unha función análoga durante a mastigación. (Shlain 2000: 167)

E, aínda que con reservas, podemos engadir nós ó que fan avogados, xuíces e científicos, que o escritor co alfabeto non só mastiga e analiza o mundo existente, senón que ademais **crea** mundos novos.

Os arrepiantes costumes alimenticios deste enxendro recordan ó canibalismo máis indiscriminado e salvaxe. Non só intenta devorar a un enfermeiro senón que chega a comer ó can da casa do Dr. Orl. Pero podemos preguntarnos: ¿este comportamento da muller-mantis responde a un ritual ou é un simple reflexo instintivo do insecto? Un dato a ter en conta é que a descrición que se fai para ilustrar a conducta alimenticia destes animais está previamente esaxerada —presenciamos a devoración dunha araña e dun macho da especie— e ademais personificada: o macho é designado con termos tan cargados de significado como “noivo”, “namorado” ou “amante”, e asocia o canibalismo nesta especie de insecto co pracer sexual (“a consumación, o sumo pracer sexual na femia barbantesa vén dado no tragar en bocadelas ao namorado”), cando na realidade está asociado á supervivencia das crías e non sempre se dá esta situación. O Dr. Orl resume a descrición do carácter da barbantesa así: “xa sabes que son crúas loitando e que manxan ós seus maridos”.

Sobre este proceder do personaxe hai moito que dicir. Empecemos por lembrar que un dos primeiros casos de canibalismo na tradición occidental remítenos ó propio Zeus, que come á súa esposa Metis, antiga deusa da mente da medida e da orde, para asimila-los seus poderes. Este tipo de antropofaxia, detectada en bastantes organizacións sociais humanas, responde a un rito no

que entran en xogo a admiración á vítima e a asimilación das súas facultades máis sobresaíntes; por todo isto, soe ser selectiva: xeralmente non comen todo o corpo, senón as partes que, coidan, albergan os desexados poderes (corazón, cerebro). Nembargantes, tal e como se nos explica no conto, a muller-mantis come indiscriminadamente.

Noutro exemplo clásico de antropofaxia, Cronos come ós seus fillos, xa que unha profecía lle anunciou que sería un deles quen o mataría, logo para asegurarse de que morrían todos, decide comelos. Esta devoración seméllase máis ó noso concepto de ogro; pero fixémonos no obxectivo: é un mecanismo de defensa. ¿Está a defenderse a nosa mantis de algo ou é que, sinxelamente o seu apetito é especialmente voraz?

O instinto de devoración está catalogado dende a teoría da psicoanálise como unha das pulsións humanas máis temperás, necesaria para a evolución da persoa; pero socialmente o canibalismo derivou na devoración do tótem que viña sendo unha trasposición do devanceiro, do pai primordial ou, o que vén sendo o mesmo, un símbolo de quen detenta o poder. A matanza e devoración do tótem vai acompañada de ritos parafunerarios e escenificacións de dó mesturados con ritos festivos, nos que os participantes derruban e matan o símbolo do poder, polo que choran; aínda que tamén disfrutan dunha renovación e repartición entre eles do poder abatido, pois o tótem pasaba a morar no sangue e na carne de todos eles, mesmo no deus ó que era sacrificado. Un exemplo actual desto é o Antroido (matanza do porco, enterro da sardiña...). Este é o núcleo da explicación psicoanalítica do totemismo, na que tamén podemos engadir o caso da Eucaristía cristiana, na que os adoradores beben o sangue de Cristo e comen da súa carne.

Conclusións: tres lecturas da muller-mantis

Ó longo deste comentario fun abrindo varias portas que aínda non pechei. Por unha banda, coa cita de Carmen Blanco aludín a unha explicación socioliteraria do monstro xa que apunta unha liña de pensamento que resulta fundamental para comprender a obra ferriniana: o poder da literatura como motor do cambio histórico. Podería ser este un caso de ilustración dos anxeios de superación dende un estadio moi primitivo (insecto) a un estadio altamente evolucionado (humano). Se o traspoñemos nunha alegoría sociopolítica, indesligable da obra de Ferrín, estaríamos ante unha das liñas principais (que abundará en *Crónica de nós*) que se vén denominando pola crítica coma “política-ficción” e na que o autor tenta explicar o cambio histórico como produto e consecuencia da vontade da persoa ou do colectivo, do que a muller-mantis podería ser unha imaxe posible. Relaciónase esta vontade de cambio co pensamento que expón Foucault no libro *A orde do discurso* no que se nos advirte de que, basicamente, unha variación posible do discurso ou repertorio, se queremos-la denominación de Even-Zohar, pasa por subverter os tradicionais sistemas de control do repertorio e da cultura; e o sistema ten uns certos pilares que se deben subverter. Esta primeira lectura, como veremos máis adiante, non ten por qué ser a única.

Tamén hai que incidir na cuestión escatolóxica, pois gran parte do discurs-

so do relato adícase a explicar o proceso de alimentación e reprodución —no que outravolta volve a entrar a alimentación, xa que come ó macho— destes insectos. Dende a psicoanálise, coa explicación da devoración, podemos dicir que a mantis representa a necesidade de renovación do poder establecido, co que de novo volveríamos á primeira explicación.

Por outra banda, temos que subliñar que se fai unha revisión dos paradigmas tradicionais, xa que o monstro é de xénero feminino e asume, como xa se dixo antes, trazos que se asocian tradicionalmente ó masculino. Podería se-la mantis, sen desexo reprimido ningún, un prototipo de rebeldía máxima da muller, co que estaríamos a abranguer unha inédita perspectiva de xénero na obra de Ferrín, posto que un dos principais intereses do feminismo da chamada segunda onda constitúe a revisión dos paradigmas tradicionais (Suárez Briones 2000: 28). Os personaxes femininos na narrativa breve ferriniana soen ser fortes, e moitas veces, coma neste caso, insólitos, marxinais e transgresivos.

Segundo González Gómez (1995: 411) hai unha parte da obra de Ferrín onde as narracións “conforman unha obra en procura da invención dun novo mito, mobilizador”, como contrapunto dos mitos diferenciadores que, coma o celtismo, había ata o momento. A búsqueda dun mito que nos represente, nos explique e nos impulse como pobo vai ser unha constante na narrativa breve de Ferrín. Formúlase, logo un problema de identidade, co que poderíamos voltar, trazando unha circunferencia, ó problema da identidade nacional. En *Seis propostas para o próximo milenio*, Calvino afirma que “creo que a racionalidade máis profunda implícita en toda operación literaria debe procurarse nas necesidades antropolóxicas ás que aquela corresponde” (Calvino 1994: 40); falando, sobre todo da narrativa fantástica. En relación con isto, en *Punto e aparte* continúa: “O fantástico do século XIX, produto refinado do espírito romántico, entrou de seguida na literatura popular (Poe escribía para os periódicos). No século XX imponse un uso intelectual (xa non emocional) do fantástico: como xogo, como ironía, como chiscadela, e tamén como meditación sobre os fantasmas ou os desexos ocultos do home contemporáneo” (Calvino 1995: 241). Como se vén suxerindo ó longo de todo este comentario, debemos inscribir os relatos breves de corte fantástico de Méndez Ferrín dentro deste uso que apunta Carmen Blanco e que ben explica Calvino, uso que, ó meu modo de ver, e así remato, non pecha ningunha lectura.

Bibliografía citada

- BLANCO, Carmen. “Da escritura e da revolución da narrativa en Ferrín”. *Boletín Galego de Literatura* 7, Santiago de Compostela (1992): 41-51.
- “A espiral permanente: aproximación á figura literaria de X.L. Méndez Ferrín”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1993*, Vigo (1994): 11-45.
- CALVINO, Italo. *Seis propuestas para el próximo milenio*. Madrid: Editorial

- Siruela, 1994.
- *Punto y aparte*. Barcelona: Tusquets Editores, 1995.
- COCHÓN, Iris. *Unha lectura de... "Con pólvora e magnolias"*. Vigo: Editorial Xerais, 1997.
- GONZÁLEZ GÓMEZ, Xesús. "A última narrativa de X. L. Méndez Ferrín: da utopía á historia". *Grial* 127, Vigo (1995): 407-426.
- HARRIS, Marvin. *Vacas, cerdos, guerras y brujas*. Madrid: Alianza Editorial, 2001.
- IZZI, Massimo. *Diccionario ilustrado de los monstruos*. Palma de Mallorca: José J. De Olañeta Editor, 2000.
- KAFKA, Franz. *La metamorfosis y otros relatos*. Barcelona: RBA Editores, colección Narrativa Actual, 1995.
- MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís. *Percival e outras historias*. Vigo: Xerais, 1993.
- SHLAIN, Leonard. *El alfabeto contra la diosa*. Madrid: Debate, 2000.
- SUÁREZ BRIONES, Beatriz; Martín Lucas y Fariña Busto (eds). *Escribir en femenino*. Poéticas y políticas. Barcelona: Editorial Icaria, 2000.

Carreira López, María. "Análise dunha das figuras femininas nun relato breve de Méndez Ferrín: *Mantis Religiosa*". *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península. Barcelona 28 ó 31 de maio de 2003*. Ed. de Helena González e M. Xesús Lama. Sada: Edicións do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) / Filoloxía Galega (Universitat de Barcelona), 2007. ISBN: 978-84-8485-266-7. Depósito Legal: C-27912007.